



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. A/S/C50-15

## ANUNCIO

Asto.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA “CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICION DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS” CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS 15) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2016 adoptou entre outros o seguinte acordo:

### C) CONTRATACION

#### **1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA “CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICION DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS” CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS 15) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

1º.- Adxudicar a CETA CONTRATAS S.L , CIF:B-70342746 e domicilio social en Vía de la Cierva 10B Polígono Industrial del Tambre, 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA, o contrato da obra "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICION DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS" con cargo ao Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 15) da Deputación provincial de Pontevedra polo importe de 46.735,14 €, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 9.814,38 € o que supón un importe de adxudicación de 56.549,52 € (IVE incluído).

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición ( RE núm. 8823 de 27.10.2015), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula 17, e no proxecto da obra “CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICION DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS”, redactado polo arquitecto técnico municipal, Alfredo de la Campa Fervenza, no mes de febreiro de 2015 aprobado por resolución de alcaldía núm. 278/15 de 9.4.2015, que contén as prescricións técnicas da contratación de referencia e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula 16 do PCAP e o arts. 156 TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes o da recepción da notificación do acordo de adxudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula 4ª dos PCAP tendo en conta que o prazo de xustificación do investimento remata o 31.12.2016.

- Dentro dos quince días seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que o Director de obra sinala ao efecto, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta. Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ao acto de comprobación do replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237.a) do TRLCSP. Asemade o contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo e dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo e o plan de seguridade e saúde no traballo,



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

redactado polo técnico coa titulación esixida legalmente, subscrito pola empresa adxudicataria, e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 17.2 do PCAP.

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

<b>IDENTIDADE</b>	<b>RESULTADO</b>
CETA CONTRATAS S.L . CIF. B-70342746 Rpte. Legal: Oscar Manuel Otero Muiño SANTIAGO DE COMPOSTELA	ADMITIDA
GECOGA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS S.L .CIF. B70421672. Rpte. Legal: Javier Diñeiro Deiros A CORUÑA	ADMITIDA
SARANOA 73 S.L . CIF. B-9412661 Rpte. Legal: Luis Manuel Paz Santos	ADMITIDA
SERGONSA SERVICIOS S.L. CIF. B-70372032 Rpte. Legal: Marcos González Sanchez	ADMITIDA
CONSTRUCTORA EDISERPO S.L . CIF.-B36263564 Rpte. Legal: Jesús Lorenzo Meléndez de Arvas	ADMITIDA
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L . CIF. B-15599012 Rpte. Legal: José Rodríguez Alvarez	ADMITIDA
ACEVI S.L . CIF.- B-94097268 Rpte. Legal: Julio Barros Puente	ADMITIDA
ACRY DE PROMOCIONES Y OBRAS S.L . CIF. B94067915 Rpte legal: Ricardo Moares Pastoriza. BUEU	ADMITIDA
ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L. CIF. B-32.359.432 Rpte legal: Javier Martí Delgado A CORUÑA	ADMITIDA
HIERROSBUENO SAL. CIF.- A02042752 Rpte. Legal: Francisco Bueno ALBACETE	ADMITIDA
CUBIERTAS P. GALICIA S.L.U. CIF.- B36195170 Rpte legal. Javier Vidal Reinaldo PONTEVEDRA	ADMITIDA
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U. CIF. B36816189 Rpte. Legal: José Manuel Castro Senra	ADMITIDA
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.CIF. B.-36162030 Rpte. Legal: Pablo Pérez Rodriguez	ADMITIDA
GRUPO ANTOLIN INSTALACIONES S.L . CIF.- B32168809 Rpte legal: José Gabriel López Pérez	ADMITIDA
REHABITA GESTION INTEGRAL DE REHABILITACIONES Y RESTAURACION S.L. CIF. B94073863 Rpte. Legal. José Faustino Nantes Lafuente	ADMITIDA
CONSTRUCCIONES ABAL S.A . CIF.- A36115459 Rpte.legal: Eva Abal Serantes	ADMITIDA
CONCRETA DESARROLLO S.L. Rpte legal: Vicente Babí Almenar CASTELLON	ADMITIDA

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

CONSTRUCCIONES VILA RIO MIÑO SA. CIF.A-27106160 Rpte. Legal: Jose Villamor Fandiño. LUGO	ADMITIDA
PROYCOGA SA Rpte, legal: Pablo Santos Rodríguez A CORUNA	EXCLUIDA

A exclusión da empresa PROYCOGA SA queda xustificado toda vez que presenta a oferta fora do prazo establecido para a presentación das mesmas ( do 27.10.2015 ao 21.11.2015), incumprindo as obrigas de forma esixibles ao abeiro do disposto na cláusula 10.1.dos PCAP e no artigo 80 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, tal e como se acordou pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o pasado 7.12.2015

3º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios

4º.- Notificar a presente ás empresas licitadoras que concorreron no procedemento aberto de contratación, á persoa que resulta adxudicataria do contrato, ao Director de obra e coordinador de seguridade e saúde como responsable co contrato que se adxudica e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos.

As **notificacións da adxudicación** ás licitadoras e persoa que resulta adxudicataria do contrato da obra de referencia, **practicaranse mediante correo electrónico** de acordo co documento de **aceptación destes medios como válidos para a comunicacións/notificacións efectuadas polo concello que figura nas súas proposicións nos termos que resultan da cláusula 10.2.1.B dos PCAP** que habilita a efectuar a notificación da adxudicación por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servicios Públicos."

**O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.**

En Bueu, a 18 de xaneiro de 2016

O Alcalde,  
Félix Juncal Novas